



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2009

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados na reunión do Consejo de Universidades que tivo lugar o día 2 de decembro, principalmente os relacionados co informe realizado do ministro de Educación e Ciencia e coa próxima convocatoria de campus de excelencia internacional, e tamén dos asuntos tratados na sesión do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (AGSUG) que tivo lugar o pasado día 14 de decembro. Logo de dar conta do comunicado conxunto das tres universidades galegas sobre o Mestrado de Educación Secundaria, remata a súa intervención sinalando que se vai convocar unha sesión extraordinaria do Consello de Goberno para o día 22 de decembro, coa finalidade de proceder á aprobación das propostas de grao que quedan pendentes da nosa universidade.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa quen, en nome da Sra. Vicerreitora de Investigación, informa dos cambios que se van ser realizar no baremos de produción científica. A clasificación de revistas científicas que se viña utilizando para cuantificar a produción científica na nosa universidade débese modificar por causa das variacións producidas nas fontes externas a que alude a normativa. A clasificación de revistas de UCUA (axencia da Junta de Andalucía) desapareceu e o DURSI (axencia da Generalitat de Catalunya) cambiou por completo a súa clasificación, que agora se denomina CARHUS Plus +. Por esta razón, a Comisión de Investigación, delegada deste Consello de Goberno, está a traballar nunha nova proposta de clasificación de revistas, que espera aprobar na súa próxima reunión coa finalidade de que sexa obxecto de aprobación por este Consello de Goberno, se proceder. A respecto da produción científica de 2009 (que se solicitará a principios de 2010) rexerose pola clasificación actual e unha



vez que se aprobe a nova proposta será de aplicación para a produción científica do ano 2010.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa de que os complementos de excelencia curricular da Xunta de Galicia da convocatoria 2009 non se van poder percibir este ano, aínda que xa estean recoñecidos, por causa de que a Xunta de Galicia procedeu á súa aprobación sen dotación económica. Remata a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno do estado actual da relación de postos de traballo do persoal docente e investigador, sinalando que estará a disposición da comunidade universitaria na páxina web da Universidade da Coruña antes do 31 de decembro.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen lle dá conta aos membros do Consello de Goberno da fase actual da execución de certas obras e tamén do plan director de infraestruturas da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figura no [anexo II](#). E remata informando tamén da convocatoria de Xunta de Galicia de Campus de Excelencia Internacional, a que se presentou a Universidade da Coruña con éxito.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relacións Universidade-Empresa. A respecto do campus de Ferrol, informa de que os Premios de Investigación que anualmente convocan conxuntamente o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña, que este ano 2009 correspondían ao Antonio Usero de Relacións Laborais e ao Enxeñeiro Comerma de Enxeñaría Industrial, foron declarados desertos. E a respecto da área de Relación Universidade-Empresa, informa de que a Comisión de Avaliación das empresas de base tecnolóxica do viveiro de empresas da Universidade da Coruña se reuniu para analizar as sete propostas presentadas á última convocatoria para ocupar os dous espazos do viveiro de empresas da UDC e que foron seleccionadas as iniciativas Galebook e Brigantium Laboratorios. Tamén sinala que lle foi asignado un espazo á empresa CINFO, Contendos Informativos Personalizados S.L, logo da reunión da Comisión de Selección para a cesión de espazos para a instalación de empresas no Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC), de modo que esta empresa



instalará no CITIC un laboratorio de usabilidade en novas tecnoloxías aberto a empresas que realizan proxectos relacionados co fogar dixital. Remata dando conta de que o martes día 15, con presenza do Sr. Reitor, tivo lugar a presentación dos resultados do Proxecto Avanza sobre televisión en alta definición, elaborado por un consorcio de empresas en que está Bluesens, Adivina, Lambdastream e tamén o CITIC da UDC a través do grupo MADS e débese salientar destes resultados que por vez primeira na Comunidade galega se emitiu en TDT de alta definición con excelente calidade técnica e o demostrador quedou instalado no CITIC, dado que se conta cos permisos de emisión pertinentes.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 26 de novembro de 2009

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 26 de novembro de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, logo da incorporación das suxestións realizadas polo Sr. Delgado Martín.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 21 convenios que figuran no [anexo III](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (2), convenios específicos (11) e convenios para prácticas (8) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Aprobación do Regulamento de funcionamento do Comité de Seguraza e Saúde da UDC

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Arias Vázquez, quen na súa condición de Xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de regulamento de funcionamento do Comité de Seguraza e Saúde da UDC que figura no [anexo IV](#). Sinala que o Comité de Seguraza e Saúde da UDC é un órgano de consulta, cunha disposición paritaria, segundo establece a lexislación,



igual peso da representación institucional que da social, que trata sobre asuntos relacionados coa prevención dos riscos laborais. Aprobou as súas primeiras normas de funcionamento no ano 2000 (sesión plenaria do 2 de maio) e por diversos motivos, andando o tempo, detecta a necesidade de realizar unha revisión do seu contido, polo seguinte: a) o seu primeiro artigo establecía un número fixo de membros (22) que, ao medrar o colectivo universitario (pasamos de 3 órganos de representación de persoas traballadoras a 5) resultou desaxustado coa composición que establecía a lexislación que a UDC se comprometera a aplicar; b) detéctase que a aplicación do RD 1488/1998 de adaptación da Lexislación de PRL á Admón. xeral do Estado, que voluntariamente nos comprometeramos a cumprir, nos ofrece un equipo excesivamente extenso (34 persoas) con problemas en certos casos de consecución de quórum; polo que se acorda configurala de acordo co artigo 35 da LPRL, dado que é a única norma que nos vincula con carácter obrigatorio; c) delimitase ao mesmo tempo con máis claridade o papel asesor do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, que establece como membro nato a persoa que ocupe o posto de xefe de servizo, sen estar incluída en ningunha das partes de representación, con voz mais sen voto; e d) elimínase a Comisión Permanente dado que a nova composición resultante é moito máis operativa, actualmente 6 persoas en cada parte + 1 polo Servizo de Prevención, total 13. O documento que se presenta foi elaborado pola que foi Comisión Permanente do Comité de Seguranza e Saúde da UDC, logo do debate nos diferentes órganos de representación das persoas traballadoras. Na súa sesión do día 23 de xuño de 2009 acorda propoñelo ao pleno, que o aproba na súa sesión do día 13 de outubro de 2009.

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, o Sr. Portela Fernández e o Sr. Secretario Xeral, apróbase por asentimento ratificar a proposta de regulamento de funcionamento do Comité de Seguranza e Saúde da UDC aprobado no seu día polo Comité de Seguranza e Saúde en cuestión.

5. Elección de membro da Comisión de Biblioteca

Logo de sinalar que procede substituír o Sr. Romero Martín como membro da Comisión de Biblioteca, quen xa non é o presidente da Comisión de Biblioteca de Podoloxía por deixar a dirección do seu centro, o Sr. Reitor propón no seu lugar e polo que resta de mandato a Sra. Varela Feal, quen é a actual directora do seu centro e a presidenta da Comisión de Biblioteca



deste. Trátase dunha proposta que permite manter a presenza do campus de Ferrol na Comisión de Biblioteca

Apróbase por asentimento a citada proposta.

6. Programa de promoción de profesorado acreditado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen explica a proposta de dotación de prazas ao abeiro do programa de promoción de profesorado acreditado.

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Salvador González, apróbase por asentimento esta proposta de convocatoria do programa de promoción de profesorado acreditado.

7. Modificación da normativa da organización docente dos títulos de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da proposta de modificación da normativa da organización docente dos títulos de grao que figura no **anexo V**. Trátase de realizar cambios no cómputo de horas presenciais por créditos ECTS para o tipo de actividades presenciais que implique menor traballo posterior por parte do estudiantado, pasando do tramo de entre 7 e 9 horas ao de entre 7 e 10.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, o Sr. Pena Agras e o Sr. Casabella López.

Co voto en contra do Sr. Casteleiro Maldonado e coa abstención do Sr. Casabella López, apróbase por 38 votos a favor a proposta de modificación da normativa da organización docente dos títulos de grao que figura no citado [anexo V](#).

8. Aprobación do Regulamento de listaxes de agarda para a contratación de profesorado asociado por períodos non superiores a 6 meses

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado para que informe da proposta de regulamento de listaxes de agarda para a contratación de profesorado asociado por períodos non superiores a 6



meses, que figura no [anexo VI](#). Logo de sinalar que a estrutura dos actuais estudos universitarios fai necesaria con bastante frecuencia a contratación de profesorado para atender necesidades docentes específicas por períodos non superiores a seis meses sen posibilidade de prórroga por non existir continuidade con respecto á docencia que se vai impartir no seguinte curso, o Sr. Vicerreitor sinala que esta proposta de normativa ten como finalidade evitar a necesidade de convocar novos concursos cada curso académico para atender necesidades docentes.

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Pena Agras, e o Sr. Delgado Martín apróbase por asentimento esta proposta de regulamento de listaxes de agarda para a contratación de profesorado asociado por períodos non superiores a 6 meses.

9. Comisión de servizos

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da solicitude de renovación da comisión de servizos que figura no [anexo VII](#).

Apróbase por asentimento a comisión de servizos en cuestión.

10. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da relación de prazas que figura no [anexo VIII](#), coa proposta de tribunal no caso da convocatoria de praza de profesor titular de universidade que figura no [anexo IX](#).

Apróbase por asentimento a relación de prazas en cuestión e o tribunal no caso da convocatoria da praza de profesor titular de universidade.

11. Orzamento e Plano operativo anual

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno do Orzamento para o 2010 e do Plano Operativo Anual, que están dispoñibles no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp>, e dos que se fai a seguinte valoración global. Segundo o Sr. Vicerreitor, o orzamento 2010 da UDC axústase ás liñas establecidas na Programación Plurianual



2009-2010 aprobada polo Claustro e polo Consellos de Goberno e o Consello Social, e preséntase acompañado do Plano Operativo Anual 2010, que actualiza esas previsións e que o vincula ás actuacións do Plano Estratéxico. Globalmente, o orzamento mantense nos niveis de 2009 (137,7 millóns), a pesar da caída de 5,2 millóns de euros dos ingresos non finalistas da Xunta de Galicia, grazas á aplicación masiva dos fondos propios xerados pola UDC nos últimos anos. Esta aparente conxelación supón, dado o crecemento vexetativo dos custos de persoal, unha forte redución das disponibilidades reais, o que obriga, a pesar do aforro acadado no gasto corrente, a recortar fortemente os investimentos. A política de prudencia e rigor orzamentario da UDC permitiulle afrontar en condicións relativamente favorables os dous últimos orzamentos, a pesar do contexto económico recesivo, mais esta situación non é sostible. O último orzamento, elaborado baixo o Plano de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia vixente, pon de manifesto que este non acadou os obxectivos de suficiencia financeira nin de converxencia externa nin interna: a partida de financiamento incondicionado da UDC está case 15 millóns de euros por baixo das previsións para 2010 dese acordo (que constitúen un referente máis axeitado que a situación actual para afrontar o 2011); o SUG está á cola do estado en financiamento universitario; e as diferenzas dentro do SUG non se reduciron en absoluto no seu período de vixencia. A UDC é a universidade pública con menor financiamento por alumno do Estado, e as diferenzas no financiamento vense agravadas pola ausencia de correccións dos déficits de infraestruturas, perpetuado así o desequilibrio e impedindo a cooperación e a competencia en igualdade de condicións. No momento en que se afronta o reto histórico da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior é imprescindible que o novo acordo de financiamento aplique de xeito efectivo os principios de suficiencia, equilibrio e eficiencia.

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Delgado Martín, o Sr. Naveira Fachal, o Sr. Portela Fernández, o Sr. Fernández López, o Sr. Nogueira López e o Sr. Soto Mariño, son aprobados o Orzamento para o ano 2010 e o Plano Operativo Anual da Universidade da Coruña polos membros do Consello de Goberno, e rexístrase un só voto en contra.



12. Propostas de grao para o curso académico 2010-2011

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta das propostas de grao para o curso académico 2010-2011, que figuran no [anexo X](#), explicando as propostas procedentes do campus da Coruña e do campus de Ferrol e o procedemento que se seguiu para a súa elaboración, incluídas as alegacións formalizadas e as respostas a tales alegacións. Agradécelles aos centros e ás persoas implicadas nas propostas que constitúen este punto da orde do día todo o esforzo realizado para a súa correcta conclusión. Remata informando dos graos que quedan pendentes de seren aprobados polo Consello de Goberno, a respecto dos cales sinala que a postura do equipo de goberno é que a Universidade da Coruña debe presentar por responsabilidade os documentos de grao por transformación dos títulos actuais. Tendo en conta que xa se está fóra de prazo, a Universidade da Coruña vai presentar as propostas pendentes antes de finais de xaneiro pasando antes por este Consello de Goberno, sen prexuízo de indicar tamén que se o centro presenta as súas propostas antes de finais de xaneiro serán estas as que se tramitarán.

Apróbanse as propostas de grao que figuran no citado **anexo X**.

13. Propostas de mestrado para o curso académico 2010-2011

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta das propostas de mestrado para o curso académico 2010-2011, que figuran no [anexo XI](#) e agradécelles aos centros e ás persoas implicadas na elaboración destas propostas o traballo realizado.

Coa abstención da Sra. López Fernández, no caso concreto do Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural: a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal da Facultade de Humanidades, apróbase a relación de propostas de mestrado para o curso académico 2010-2011 que figura no citado anexo.

14. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Nogueira López, quen se interesa polos temas tratados no Consejo de Universidades do día 2 de decembro, especialmente o apartado relativo ao acceso aos graos desde as diplomaturas. Coida



importante que este tipo de cuestións non se coñezan a través do medios de prensa e tamén considera que sería moi oportuno, a través do procedementos de consulta que se considere necesario, ter unha estimación estatística do estudantado que estaría interesado en pegar o salto desde os estudos de diplomatura até os estudos de grao, de cara a encarar o seu impacto no futuro. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen substitúe o Sr. Reitor por ter que se ausentar, indícalle que será enviado aos centros o informe presentado ao respecto no Consejo de Universidades na súa sesión do día 2 de decembro.

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado para solicitar que as bases das vindeiras convocatorias de bolsas de colaboracións para a Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental permitan que poidan concorrer tamén estudantes doutras titulacións distintas das de Arquitectura, pois recentemente foron convocadas bolsas desta natureza a que só se podían presentar estudantes matriculados nesta titulación.

Toma a palabra o Sr. Casabella López para pedir que se dea a coñecer entre os todos os membros da comunidade universitaria o Plan Director de Infraestruturas, sempre coa finalidade de que se poida debater e, chegado o caso, aprobar nos órganos de goberno desta universidade. E tamén propón a creación dunha comisión neste Consello de Goberno, delegada en todo caso, para tratar todo o relativo á planificación e ao seguimento das obras e das infraestruturas da Universidade da Coruña. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinálalle que iso implicaría modificar o regulamento interno deste Consello de Goberno, que se pode facer, aínda que tamén lle indica que xa existen órganos desta universidade para eses fins. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental dille que a Universidade da Coruña é unha universidade en construción, o que manifesta certas vicisitudes na materialización das obras, que xa hai unha entidade específica con competencias sobre a materia, como é a Oficina Técnica, que actúa en contacto cos centros, e que hai que ter en conta, ademais, o plano estratéxico da Universidade da Coruña, en que xa recolle unha clara planificación.

Toma a palabra o Sr. Portela Fernández, que centra a súa intervención nas expropiacións que traen causa da área residencial e do parque tecnolóxico e o seu impacto sobre os veciños do lugar. Pídelle ao equipo de goberno que se reúna coas persoas afectadas para despexar todas as dúbidas que teñen a respecto do seu dereito de realoxamento no lugar legalmente recoñecido. A



este respecto, o Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental dille que o equipo de goberno xa se reuniu en máis dunha ocasión coas persoas afectadas, que non ten ningún problema para facelo de novo e que a Universidade da Coruña mantén reunións tanto co Concello da Coruña como co Instituto Galego da Vivenda e do Solo para garantir o exercicio do dereito ao realoxamento que teñen.

Toma a palabra o Sr. Valderruten Vidal, quen centra a súa intervención nos informes de prensa sobre a nosa universidade e os seus centros académicos. Entende que a información que chega é polos medios e non sempre moi ben, por esta razón pide que haxa canles para garantir que tal información chegue como é debido aos centros. Tamén se interesa polas obras do seu centro, a que lle responde o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental proporcionándolle datos sobre o estado actual de tales obras.

Toma a palabra a Sra. González Martínez para agradecerlle ao equipo de goberno a información por escrito que solicitou na sesión anterior deste Consello de Goberno sobre o emprego das bicicletas para o desprazamento nos campus de Elviña e A Zapateira.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 h.